



TOLOSCONTOSCURTOS

VOLUME II

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

IES ALEXANDRE BÓVEDA - VIGO

XUÑO 2014

Índice de contido

HOUBO UN TEMPO.....	3
A BOLSA DA RACIÓN.....	4
SOIDADES.....	6
DÍAS VIVIDOS.....	7
GUERREIROS E PACIFISTAS.....	9
LÚA AZUL.....	11
MEMORIAS DUNHA PANTASMA.....	12
TRAS A FIESTRA.....	14
TI TAMÉN PODES SER UN DÍA PROTAGONISTA DUNHA HISTORIA ABSURDA.....	15
UNHA MIRADA CONXELADA.....	17
UNHA NAI, UNHA ESTRELA.....	18
UNHA PEQUENA HISTORIA DE AMOR.....	19

HOUBO UN TEMPO...

Antía Álvarez Pazó (2º ESO-B)

1º PREMIO

O día que deixei de voar deime de conta do que era a crueldade. A crueldade é deixar a un ser que sente sen o que máis quere. A crueldade é non poder facer aquilo para o que naciches. A crueldade é un ser, que se cre moi sabio, pero non se decata das súas carencias. É aquilo que renega da súa orixe, que esconde os instintos naturais e recóbreaos con estupidez. Que é capaz de provocar e ver o sufrimento dos seus compañeiros, o laio do seu fogar, e de non facer nada. O día que caín en desgraza... pregunteime quen era. Que facía eu nunha gaiola, por que vivía. Porque non tiña motivos para facelo. Antes levantábame cada mañá con fame e tiña que ir cazar algunha mosca ou abella. E cando a conseguía, sentíame importante. Sentíame completa, gañara unha batalla, merecía un día máis de vida, porque era unha gañadora... Agora danme unhas bólas noxentas, que teño que comer porque se non morro de fame... Coma se fose un poliño cativo que necesita que o alimenten... que vergoña! Porén... á fin e ao cabo son unha inválida. Xa non son aquela gañadora que fun. Xa non son libre. Xa non merezo ese día. Xa non quero ese día. Porque son unha perdedora. Mais... é difícil resignarse a morrer. Así que continúo, sen obxectivos, sen horizontes.. E cuns monstros sen plumas a facer bobadas diante de min. E se non lles fas caso, enfádanse. Así que lles fas caso. Pero na noite todos vanse. E eu fico aquí soa. Xa non podo ir ao meu niño. Xa non podo coidar dos meus ovos. Xa morrerían de frío. Pero a ninguén lle importa. Só a min. E eu non podo facer nada. Así que... só podo pedir que non os levasen os monstros sen plumas. Mais non o saberei nunca. Aínda que escapara, non chegaría á miña fraga. Non podería nin chegar o seguinte piar de niños xigantes de pedra. Así que tento non pensar niso. Pero non podo, non debo. Se deixo de pensar no que fun, non lembrarei o vento a esvarar nas miñas ás, esquecerei a beleza de caer en picado e de logo remontar. Deixarei de saber quen son... e convertereime en algo semellante a un monstro sen plumas. Así que lembro para non esquecer quen son. E cando chega a noite, subo ao meu pau a ollar cara á lúa. Ás veces, os monstros sen plumas deixan a muralla transparente aberta, e podo cheirar o arume dos piñeiros, podo sentir como as plumas se levantan o roce da brisa. E alí penso no tempo no que fun libre. Estendo as ás e volvo vivilo. Pero é só un intre, é só unha ilusión. E cada vez que caio ao chan da gaiola pregúntome se realmente houbo ese tempo. Se houbo un tempo no que fun forte. Se houbo un tempo no que fun feliz. Se houbo un tempo no que fun paxaro. Non atopo a resposta.

A BOLSA DA RACIÓN

Hannah Siebert Sío (3º ESO-C)

2º PREMIO

Contoume a miña bisavoa que na súa vila a xente morría de fame. Non había diñeiro para pagar os prezos das cousas máis básicas nos mercados. Os alimentos que hoxe en día a xente considera básicos estaban racionados. A maioría dos veciños non tiñan cartos para poder asegurar a supervivencia dos fillos nin deles mesmos. E quen tiña cartos non atopaba mercancía.

Alcira, a miña bisavoa, vivía nunha primeira planta dun edificio sen tellas onde no inverno entraba auga abondo na cociña, que se achicaba con caldeiros e trapos. Abaixo tiña o forno o panadeiro da vila, don Xosé, un home forte que falaba cunha voz tranquila e que en trinta e cinco anos só abrira a boca para ser agarimoso e festexeiro cos veciños. O meu bisavó fuxira cando o chamaran para servir na guerra do 36, e deixara á bisavoa con catro fillos esqueléticos, un enfermo, e os sete patacos que ela cobraba na fábrica do peixe onde traballaba catro horas diarias.

Á unha da mañá, todos os días, don Xosé sacaba a cabeza pola fiestra e batía no cristal do piso de arriba cunha vasoira:

-Dona Alcira, dona Alcira, baixe a bolsa.

-Bóteme os anacos duros, que os nenos teñen dentes e poden roelos.

-Báixeme a bolsa, baixe a bolsa!!!

Atada cun nó de tres cabezas, a miña bisavoa deixaba caer unha bolsa negra de tea. Agarraba dela na súa cociña até cravar as unllas nas mans co medo de que pasase a garda civil. Nada máis sentir o peso do pan, puxaba da bolsa para arriba e as dúas fiestras pechábanse coma se nada tivera pasado.

Os nenos, apouchados no chan, esperaban caladiños a que se descubrise o botín, a única comida do día. E logo a esperar a mañá, outra vez. Esperar o bater da vasoira na fiestra, esperar a música da voz de don Xosé asubiando cara ao ceo, unha vez máis (quen sabía se habería máis veces), "Doña Alcira, baixe a bolsa".

Aquela bolsa de pan reseso, ás veces escaso, transformou catro nenos en mozos, mantivo a morte e a enfermidade lonxe, mentres fixo falta. Cando a miña bisavoa contaba

a historia, abría o caixón de abaixo da lacena da cociña e tiraba un trapo gris cunha cordela atada e esferpellada. A bolsa da ración.

SOIDADES

Julio Alonso Pérez (3º ESO-F)

3º PREMIO

Cada mañá, Susana prepárase un prato de froita, unha cunca de cereais e café descafeinado. Federico almorza todos os días unha rebanda de pan torrado cun pouco de manteiga con marmelada e un vaso de leite fresco. Mentres lava os dentes, Federico pensa que talvez este será o día afortunado; quizais, no sexto andar do elevador, na sala de fotocopias, ou no metro, coñecerá á muller da súa vida. Cando parece que Susana se mira no espello, cepillando a súa longa cabeleira, en realidade pérdese nesa ollada que ve detrás de todas as cousas, imaxinando se na xunta da tarde coñecerá alguén interesante.

No metro, Federico cede sempre o seu asento a calquera muller que suba ao vagón despois del. Gústalle espreitar o rostro dos pasaxeiros, coa tenra esperanza de atopar nalgunha furtiva mirada un inicio da tenrura e beleza que precisa.

Susana bambalea sobre os seus tacóns altos rumbo á porta xiratoria do edificio de oficinas co inmortal desexo de coincidir cun mozo lindo que lle permita entrar primeiro.

Ao seus trinta e cinco anos, Susana sente que o seu reloxo biolóxico apresúraa nunha carreira con interminábeis curvas sinuosas. Federico fai o posibel por esquivar o desexo de comprar un enorme monovolume para a súa inexistente familia.

Ela quere a alguén. El soña con alguén.

Teño tanto amor que dar, tantas películas favoritas que compartir, lugares máxicos que visitar, libros con beiras dobradas cara a dentro para reflexionar sobre algunha frase en especial... Ambos soñan con atardeceres alaranxados.

Xa na tarde, Susana detén o coche na luz vermella do semáforo; Federico pasa xusto en fronte. El só mira un limpaparabrisas que sobe e baixa lentamente; ela só mira un impermeábel enchoupado dun mozo que baixa as escaleiras do metro.

DÍAS VIVIDOS

Violeta Rodríguez Villar (2º ESO-B)

Hoxe vai un día precioso. Vai moito sol e moita calor. Estou aquí xogando cos meus donos e cos seus fillos, que para min son coma irmáns. Eles lánzanme a pelota e eu corro a recollela. Logo déixoa aos seus pés e o meu irmanciño dáme un óso.

Dende ese día xa pasaron moitos outros. Agora estou moi triste, xa que estou atado, e os meus donos rifaron comigo. O único que fixen foi que cando o meu irmán colleu a miña pelota eu, ao querer recuperala, mordíno sen querer. Eu non quería facerlle dano, pero en canto chegaron os meus donos e o viron chorando, trouxéronme ata a parte traseira do xardín e atáronme. Agora síntome moi só, xa que os meus irmáns non me veñen visitar.

Despois duns días, soltáronme e os meus donos e mais eu subímonos no coche. Pasamos por varios prados. Eu supoñía que íamos dar un paseo.

En canto chegamos a unha zona verde, ábrenme a porta do coche e eu salto ao chan. En canto baixo do coche pechan a porta e arrancan. A pesar do esforzo que realicei correndo tras do coche, non conseguín alcanzalo e rematei sentado.

Pasaron algúns días e eu non comera dende entón. Só tomaba algunhas sobras que a xente boa me botaba. Eu agradecía coa mirada e a todos lles parecía moi bonito, mais ninguén me levou consigo.

Neses días intentei lembrar o camiño para chegar á casa, mais ao final rendínme e acabei pensando que xa non me querían e o noso cariño rematara.

Un día, unha nena duns seis anos que ía paseando coa súa avoa, sinaloume e díxolle á súa avoa que me quería como can. Despois de moito suplicarlle, ela aceptou e a nena acaricioume e díxome que as seguise. Eu seguinas e, pouco despois, chegamos a unha preciosa casa vermella cun gran xardín e con moitas flores e árbores. Elas dixéronme que esperase fóra e eu sentei obediente. Pouco despois chegaron de novo sorrindo e tamén saíu outra muller, que me acariñou e díxo que eu era moi bonito. Eu púxenme moi feliz e esquecín os meus anteriores donos. Vivín moi feliz coa nena, porteime sempre moi ben con ela e coa súa familia e sempre fun moi obediente por medo a que me abandonasen... e tamén porque as quería moito.

Un día, mentres estabamos a pasear polo parque, vexo os meus antigos donos cos meus antigos irmáns. Os nenos recoñécenme e intentan vir correndo cara a min, mais eu

puxo da miña correa cara a outra dirección e afastámonos deles. Só chego a ver os meus donos tristes e os meus irmáns chorando, mais penso que iso é parte do pasado. Non deberían verme abandonado, agora eu estou moi feliz coa miña nova dona, que me quere de verdade. Non penso volver recordalos nunca mais.

GUERREIROS E PACIFISTAS

Natalia Moraga Crespo (2º ESO-B)

A guerra rematou, despois de dez anos loitando polo que cremos xusto. Pero gañaron eles e non podemos facer nada. Nestes momentos estannos a levar cara a unha zona "limpa" de radiación.

Debido ao uso de bombas atómicas, a vida fíxose imposible en moitos países. Así é como nos destruíron, a nós e aos nosos aliados, coa ameaza constante dunha bomba atómica sobre a capital.

Dende a ventá do camiión no que viaxo, alcanzo a ver a cidade onde comezaremos a vivir unha vida distinta, nunha sociedade diferente, con novas leis e novos gobernantes.

Xa chegamos á cidade, nin sequera nos dixeron como se chama, aquí todo terá un novo nome. Os Gardiáns lévannos a punta de pistola cara a unha praza cunha gran pantalla. Miro ao meu arredor, a praza debía de ser preciosa no seu tempo, con soportais suxeitados con columnas ao estilo barroco. Agora só quedan algunhas en pé e un montón de pedras acantoadas nunha esquina. A gran pantalla empézase a acender e aparece un home duns corenta anos, sorrindo. Ten o perfil do típico nórdico, pelo louro claro, ollos azuis e pel branca.

-Bos días, rebeldes -odio que nos chamen así. Non somos rebeldes, só defendemos as nosas crenzas e a liberdade-. Espero que gozásedes da viaxe. Ah, e por favor, non nos chamedes gobernantes, preferimos *Pacifistas*, porque só queremos a paz do mundo...

Xa non o escoitaba, pero seguiu falando durante longo anaco, despois a pantalla apagouse e os gardiáns leváronnos a un edificio próximo, onde había refuxiados da guerra e nos deixaron alí sen explicacións. A xente mirábanos asustados, aínda levábamos o traxe de soldado do bando oposto ao deles. Sentín unha man no meu brazo. Era a miña amiga Rita.

-Ven, imos explorar o edificio.

Seguína polos corredores. Todo estaba escuro e parecía un labirinto. Descubrimos que o edificio foi antes da guerra un hotel de luxo e onde nos meteran era un dos salóns. Cando volvemos ao salón sorprendeunos saber que os nosos compañeiros non perderan o tempo. Interrogaron algúns que estaban alí e descubriron que estaban moi descontentos coa política dunha nova sociedade que levaran a cabo os seus

gobernantes. Enganáronos e estaban dispostos a loitar contra eles.

Ao día seguinte, algúns saímos dar un paseo. Cando nos achegabamos á praza escoitamos unha grande explosión e berros. Cría que a guerra rematara. Por que unha bomba? Seguramente era un atentado contra o goberno. Os rebeldes existían. Achegueime á praza a ver os danos e achegouseme un rapaz da miña idade. Pedíume que o axudase a esconderse e, sen pensalo dúas veces, leveino ao vello hotel. Alí, contounos que era dun grupo rebelde, que eles organizaron o atentado e que tiñan planeado outras accións similares. Chamábanse a eles mesmos *Guerreiros*. Preguntou se nos queríamos unir a eles e non o dubidamos. Dende aquel día loitamos pola nosa liberdade.

LÚA AZUL

Sandra Misa Rodríguez (3º ESO-E)

O meu nome é Uxía, encántame a astronomía e todo aquilo relacionado co Universo. Un día, á noite saín coa miña mellor amiga a dar un paseo polo monte... e levei o meu telescopio para observar o firmamento.

A miña mellor amiga e eu estivemos a falar das nosas cousas ata ben entrada a noite, que foi cando montei o telescopio e comecei a observar o ceo con el... Cando levaba case dúas horas, vin que a Lúa comezaba a tinguirse dun fermoso, á vez que melancólico azul, que fixo que me sentise insignificante e especial.

Nisto,díxenlle: “Que insignificantes somos, verdade?” Ela asentiu. Quedamos sentadas durante un intre máis, realmente ensimesmadas por esa grande beleza que estaba ante os nosos ollos.

Nesa increíble cor, permaneceu a Lúa durante outras dúas horas. Xa cando comezou a volver a súa cor de sempre, foi cando decidimos recoller todo, con cautela e así marchar de novo cara á casa.

No percorrido de volta á casa, decidimos non contar a ninguén o que viramos. Sería o noso segredo. Segredo de amizade.

MEMORIAS DUNHA PANTASMA

Andrea Freitas Pérez (3º ESO-E)

Sen dúbida fora unha boa noite. Beberamos e bailáramos ata o amencer. Riamos os dous xuntos e pasámolo ben ata a hora de marchar. Subímonos ao seu automóbil e levoume ata a miña casa. Non sei que foi o que pasou nese instante no que eu ía baixar do coche, máis o que ocorreu foi incríbel: bicoume. E non foi só iso, tamén dixó:

-Mañá á mañanciña podías vir verme á miña casa, teño que descubrirche unha cousa.

-Um... pénsoo- díxenlle eu, e despedímonos.

Non durmín en toda a noite, tiña ganas de que chegase a mañá e, cando vin que o ceo comezaba a clarexar, puxen a cofia na cabeza e deambulei polas rúas aínda durmidas da miña cidade aquel 26 de xuño de 1966. Cando cheguei á súa casa atopei a porta da entrada aberta. Supuxen que estaría a esperarme. Pasei dentro e busqueino por todas partes. El non estaba. Decidín esperalo na saliña. Sentei no sofá e observei o que tiña ao meu redor. Todo estaba ben ordenado e limpo. Sentín curiosidade por unha carta que había enriba da mesa. Collina e comecei a ler.

A carta falaba dunha chantaxe. Alguén estaba a facerlle chantaxe ao home co que estivera a pasada noite, o dono da casa na que estaba, a el. Na carta describíanse unha serie de sucesos dos que eu non daba creto, e tamén contaba que, se non seguía unha serie de instrucións, recibiría dunha chamada anónima e a súa vida non continuaría. Mesmo se describía como o pensaban matar: querían asfixialo cuns gases que faría penetrar na súa vivenda mediante os condutos da ventilación. A data tope para cumprir as instrucións das que se falaban na carta era ese mesmo día, esa mesma mañá.

Repentinamente comprendín todo. Xa sabía o porqué de que el non estivera na casa agardando por min. Tiña que saír de alí, mais era xa moi tarde. A porta da entrada pechouse de golpe e comezaron a saír uns gases anormais polos condutos da ventilación. Eu xa sabía o que eran eses gases, porén non sabía que efectos ían ter en min. De repente comecei a tусir, e non podía parar. Os gases cegáronme, polo que tampouco podía ver nada. Estaba totalmente cega. A miña desesperación era absoluta, e soamente quería saír de alí. Consequín chegar á porta da entrada, abrina, e saín correndo á rúa.

Cando cheguei fóra seguía sen ver nada. Tan grandes eran a miña desesperación e o meu medo que corrín todo o que as miñas pernas puideron. Sentía o son dos automóviles ao meu redor, máis non os podía ver. Nin sequera sabía por onde me levaban as miñas alancadas desesperadas. O único que recordo foi un forte impacto e despois, nada. Absolutamente nada.

Cando acordei voltei á súa casa. A esa maldita casa. Aínda non comprendo como volvíñ alí, máis o que vin desconcertoume. Alí estaba el, máis xa non era el. Estaba máis vello, os seus cabelos volvéranse canos, a súa pel engurrada e os seus ollos, cansos. Estaba sentado no sofá, vendo sen ver o telexornal. Estaba nervioso e suaba copiosamente. Ouviuse un forte estoupido, polo que me acheguei a ventá a ver o que pasara. Despois todo aconteceu moi rápido. Cando me achegaba cara á ventá sentín un disparo. Dei a volta e corrín cara a el, mais el xa non estaba alí. Suicidárase. A bala atravesáralle o cranio. Nos seus ollos xa non había vida.

Fiquei queda alí e chorei durante toda a noite. Non era quen de comprender o sucedido. Durante horas soamente me acompañaron o asubío do televisor e as miñas propias bágoas. Cando reaccionei saín á rúa a correr e a berrar para que alguén me axudase, no entanto a xente ignorábame. Voltei á súa casa, moi confundida e desesperada. Tentei apagar o televisor e, cada vez que o tentaba, a miña man atravesaba o mando a distancia. A miña mente foi quen de razoar e pensar que podía tratarse dunha ilusión óptica e que en realidade alí no había nada. Máis o telexornal acababa de captar a miña atención. Estaba xusto a empezar. A presentadora estaba a comentar o titulares das noticias máis destacadas do día. O que a min me chamou a atención foi a data que puña no canto superior esquerdo da pantalla: 26 de xuño de 1996.

Foi como unha puñalada no estómago porque, repentinamente, comprendino todo: levaba 30 anos morta.

TRAS A FIESTRA

Vanessa Fandiño Vilar (3º ESO-F)

Dende a fiestra do meu cuarto enxérgase unha fermosa paisaxe de árbores vivas de cor que abraian o meu corazón. Dependendo da estación, os meus belos amigos cambian de roupa e cor. Fermosas camelias floridas, altas montañas con neve branca nos seus cumes semellan sombreiros fríos e as vellas matogueiras fan de manta ás árbores máis vellas e quéntanas.

Á noite, dende a miña fiestra, non podo ollar xa a paisaxe, as persianas fan de gardiáns da noite.

Chega a mañá e, polas fisgoas das persianas, o sol asómase pouco a pouco no cuarto querendo molestarme, xa que chegou a hora de erguerse e abrir as fiestras para volver ver a miña fermosa amiga chea de cor.

Leda de vela e leda de verme.

Porén, gusto de abrir tanto as fiestras e ver esa paisaxe tan bela, iluminando o meu cuarto.

TI TAMÉN PODES SER UN DÍA PROTAGONISTA DUNHA HISTORIA ABSURDA

Alán Rey Fernández (3º ESO-E)

Abofé que a vida está chea de cousas absurdas e parvadas! comentaba eu o outro día, na miña casa da Fonsagrada, mentres facía no asadeiro do meu xardín unha grella de coxas de polo adubado con moito mollo machucado no morteiro, cogomelos e morcilla.

Tes razón contestou o meu amigo Breogán, un muxián feito e dereito que traballa facendo navallas en Taramundi.

_Onte _dixo despois de beber a grandes grolos unha garrafa de cervexa sen atragoarse_, andaba eu devagar pola rúa Principal e, coma quen non *quer* a cousa, achegueime a unha tenda de agasallos e... de verdade penso que a meirande parte desas tendas é lixo, lixo limpo aínda que lixo. E imposíbel regalarlle algo a alguén dunha tenda de agasallos e que che conteste: _Ai, grazas! Que ben! Un rañador de lombos de madeira de carballo que serve para autorañarse! Levo toda a miña vida agardando este intre!_ En fin, cousas sen sentido. Ademais, están feitas na China.

Eu tamén o penso dixo Xosé enchendo de tetilla e marmelo unha rebanda de pan do Porriño. _Estamos arrodoados de parvadas e de parvos que fan parvadas. O outro día fun á piscina e escoitei un rapaz que lle dicía a outro: _A que non dás unha reviravolta no ar? _Cando os mozos comezan as frases cun “ aquenon” sabemos que case sempre a cousa remata mal. Neste caso o rapaz, despois de pegarse o pranchazo pai, saíu da piscina disimulando a dor e co peito de cor rosiña-rosiña coma se fose un xeado de amorodos.

Falando de parvadas e tolerías, a min gustaríame saber quen foi o inventor da morcilla dixen eu mentres collía cun garfo un bo anaco dela e a poñía no meu prato. _Cústame crer que alguén dixera un bo día: _Imos coller sangue de porco, ímola mesturar con arroz, ímos meter todo dentro dunha tripa e imos agardar a que apodreza porque seguramente estará boísima...

Todos rimos a cachón.

E así transcorría aquel serán de sábado, falando de cousas “emocionantes”,

bebendo a embute, enchendo o bandullo, rindo, xogando aos dados facendo celadas, cantando até ficar roucos... Era un sábado coma outro calquera, pasámolo moi ben.....Nin tan sequera podería sospeitar que sería o meu DERRADEIRO DÍA!!!!!!!

Pois, mentres estabamos de troula no meu xardín, no espazo exterior un meteorito dirixíase cara á Estación Espacial Internacional e batía contra ela, esnaquizándoa en mil anacos que se dirixiron velozmente cara á Terra, impactando un deles con violencia contra min.

_ARRE DEMO!!!! Que morte mais parva!!!! Pensei eu *denantes* de morrer esnaquizado polo váter da Estación Espacial.

UNHA MIRADA CONXELADA

Miriam Álvarez Rodas (3º ESO–E)

Volveuse e deuse conta de que estaba falando soa. El xa non estaba.

- Charlie? -dixo ela.

A rapaza non pasaba dos 30 anos. Levaba unha camiseta branca acompañada dunha falda longa e violeta. Era loura e levaba o cabelo recollido nun moño.

Un home de avanzada idade fitaba dende unha fiestra engurrando o cello. Este levaba unha bata branca e uns pantalóns vaqueiros. O home abriu a porta e, captando a atención da rapaza, dixo:

- Xulia, con quen estiveches esta vez?

- Era Charlie, meu amigo, mais tivo que marchar.

- Ben, a ver se volve. Oe, a policía creo que está a chegar. Mellor é que esperes dentro. Xa sabes, queren falar sobre... o que pasou co teu amigo.

Após estas palabras, Xulia dirixiuse até a sala que lle indicou o Sr. Smith, o home da bata. Entrou na sala. Non era moi grande, mais tiña un espello que cubría case unha parede enteira. Había catro cadeiras e unha mesa cadrada. Xulia sentou nunha cadeira e agardou.

Cando chegaron os policías e mais o Sr. Smith comezaron as preguntas:

- Xulia, que viu aquela noite tras ser testemuña do asasinato?

- Creo lembrar que... -Xulia pechou os ollos para tentar lembrar mentres seguía falando.-Era unha muller... loura e levaba unha prenda que se via ben a pesar de estar ás escuras. Levaba tamén unha falda...

Despois disto abriu os ollos e ficou pálida. Viuse no espello e parecía que o seu reflexo lle sorría. Os policías cruzaron unha ollada de complicidade.

- Lembrou algo sobre o seu amigo Charlie, asasinado hai dous días? -preguntou un dos policías.

A Xulia conxelóuselle a mirada e dixo atónita:

- Charlie estivo comigo antes. Vostede o viu, señor Smith! -gritou desesperada.

- Non, Xulia. Estabas a falar soa -respondeulle sostendo a mirada.

Entón foi cando Xulia alzou a cabeza e viu o mesmo cartel, como cada día: "Hospital Psiquiátrico de Rebullón".

UNHA NAI, UNHA ESTRELA

Mateo Fernández-Espiña Álvarez (2º ESO-B)

Todas as noites enxergaba as estrelas e pensaba que algún día chegaría... que algún día viviría cunha familia...

Sabía que canto máis tempo pasase peor sería, porén, esperaba que dentro de pouco chegaría...

Paulo era moreno, fraco, con ollos negros e brillantes coma esas estrelas que cada noite admiraba no ceo dende a súa cama. Tiña catro anos, vivía nun orfanato de Filipinas e sempre soñaba con que unha nai o fose buscar.

As monxiñas que o coidaban eran bondadosas e tiña amigos, algúns amigos, mais el sempre soñaba cunha nai alegre e agarimosa.

Cada vez que sentía abrirse a porta do seu fogar, Paulo botaba a correr para ver quen viña. Así fixo millóns de veces, até que unha tarde de verán, con moita calor e humidade, xusto cando acabara de caer unha boa treboada, Paulo ficou paralizado porque sabía que xa estaban alí. Xusto ao lado da directora e xunto ao médico ollou unha muller loira co cabelo curto, de ollos claros, miúda e non moi nova. Rosaura!

Agora, que xa ten oito anos e xa leva en Vigo catro, Paulo soña co mar...

UNHA PEQUENA HISTORIA DE AMOR

Nicole Mikaela Fröhinsfeld Sosa (2º ESO-B)

Verán. Unha gran estación para namorarse e esquecerse de todo. Pero esta vez non foi así. Daniel, David e Emma, tres nomes que deberedes recordar ao longo da historia. Foi un típico triángulo amoroso. Todo comezou unha tarde na praia. Emma e Daniel, que eran amigos dende pequenos, quedaron. Entre risas contaxiosas, abrazos inesperados, insultos cariñosos e empurróns, xurdiu o amor. Eles nunca pensaran que pasaría isto, mais parecía que se amaban desa forma dende toda a vida. Probablemente iso era o que pasaba pero, como sempre pasa, un non se dá de conta. Segundo Emma, Daniel era perfecto, tiña un sorriso alegre, unha mirada calma e uns ollos cor caramelo. Segundo Daniel, Emma era a mellor de todas, tiña un sorriso cariñoso, unha risa alegre e uns ollos azuis adorables. Quedaban todos os días que podían. Sacaban as típicas fotos de parella, dábanse bicos todo o tempo e eran, simplemente, felices. Pero tivo que chegar. Sempre chega. Aquela persoa que o arruína todo. David chamábase. Era un rapaz pouco común. Non lle gustaba saír, a penas tiña amigos, pero vaia... Nin eu sei que lle viu Emma. O caso é que el apareceu na vida de Emma dunha forma inesperada. Ela non sabía que facer. Ata que encontrou unha foto no seu móbil que dicía “Se amas dúas persoas ao mesmo tempo, escolle á segunda. Porque se realmente amas á primeira, non te namoraras da segunda.”. Foi cando o tivo claro. Non quería cortar con Daniel, pero o problema xa era grande. Colleu forzas e todo saíu ben. Sempre é necesario un empurrón.